

| | Sobresaínte | Notable | Ben | Suficiente | Insuficiente |
|---|--|---|---|---|--|
| Analiza as principais características do medio ambiente, identificando as causas e consecuencias do seu deterioro. | Analiza con detalle e espírito crítico as causas e consecuencias, propoñendo solucións. (2,50) | Identifica e describe de maneira clara causas e consecuencias. (2) | Describe as características principais con certa coherencia. (1,25) | Identifica algunhas características de forma superficial. (0,75) | Non identifica nin describe correctamente as características nin as causas do deterioro ambiental. (0) |
| Propón e xustifica medidas para contribuír á mellora e protección do medio ambiente. | Formula propostas innovadoras e ben fundamentadas a diferentes escalas. (2,50) | Formula propostas ben estruturadas e realistas. (2) | Presenta propostas posibles a nivel local. (1,25) | Inclúe propostas sinxelas pero pouco realistas. (0,75) | O traballo é incompleto ou sen propostas reais. (0) |
| Identifica e describe as principais características do espazo natural, rural e urbano da súa contorna. | Analiza comparativamente os espazos con vocabulario técnico e reflexión persoal. (2,50) | Describe con claridade e precisión as características principais. (2) | Describe aceptablemente os espazos e as súas funcións. (1,25) | Identifica algúns espazos pero con erros ou pouca claridade. (0,75) | Mostra descoñecemento da contorna. (0) |
| Expón os problemas do despoboamento rural e o crecemento das cidades e a súa relación co medio ambiente. | Expón con fluidez, espírito crítico e uso correcto de recursos visuais e orais. (1,25) | Expón con claridade, apoiándose en exemplos e datos. (1) | Expón con certa orde as causas e consecuencias. (0,65) | Resume de forma moi xeral o tema. (0,35) | Non comprende nin comunica as ideas principais. (0) |
| Reflexiona sobre o seu compromiso coa contorna e co poboamento humano, indicando retos futuros e explicando o influxo económico e laboral nestes procesos. | Presenta unha reflexión profunda, argumentada e con visión de futuro. (1,25) | Analiza o compromiso e relaciona co impacto económico e laboral. (1) | Explica o seu compromiso e menciona retos futuros. (0,65) | Fai unha reflexión moi básica sobre a contorna. (0,35) | Non reflexiona sobre o compromiso nin entende a relación co poboamento. (0) |